



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A **FUNDACIÓN PROFESOR NOVOA SANTOS**, PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE LESIONADOS MEDULARES RESIDENTES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

Santiago de Compostela, 20 XULL. 2017

REUNIDOS

Dunha parte:

Don José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e en virtude do establecido no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991)


Doutra parte:

Don Luís Verde Remeseiro, con D.N.I. nº 32443373X, actuando en nome e representación da Fundación Profesor Novoa Santos, (en adiante FUNDACIÓN), con CIF nº G15335219, en virtude da súa condición de presidente dela.

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto na Lei de contratos do sector público.





XUNTA DE GALICIA

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

IV. Que a FUNDACIÓN figura inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-792, sendo unha das súas finalidades o fomento e desenvolvemento de actividades dirixidas a perfeccionar os servizos prestados polo Complexo Hospitalario Universitario A Coruña (en adiante CHUAC).

V. Que actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas a promover a inclusión social das persoas con discapacidade. Para elo a FUNDACIÓN executa un programa de integración social precoz dos pacientes ingresados na Unidade de Lesionados Medulares adscrita ao CHUAC, coa finalidade de acelerar e facilitar a súa reinserción sociolaboral.

VI. Que conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, a FUNDACIÓN é a única entidade de ámbito autonómico especializada na atención sociosanitaria de lesionados medulares, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver esa atención.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades





XUNTA DE GALICIA

inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento do programa de integración social de lesionados medulares residentes na Comunidade Autónoma de Galicia, con suxeición ás seguintes


CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia do programa que desenvolve a FUNDACIÓN orientado a facilitar a integración social de pacientes con lesión medular residentes.

As actuacións desenvolvidas teñen por obxecto complementar a atención sociosanitaria e van dirixidas tanto a pacientes lesionados medulares que permanecen ingresados no CHUAC, como a aqueles pacientes que xa foron dados de alta no citado complexo hospitalario pero que teñen unha lesión medular crónica, que a Unidade de Lesionados Medulares adscrita ao CHUAC terá que revisar dúas veces por ano. Atendendo a esta dualidade de pacientes, as actuacións a desenvolver son as seguintes:

1. **Mobilidade:** A independencia na mobilidade é o primeiro paso para a integración da persoa discapacitada. As secuelas da lesión na medula espiñal fan moi difícil o uso dos transportes públicos, aínda que algúns/has pacientes poden conducir un coche adaptado. Para poder conducilo deberán obter o permiso de conducir especial para vehículo adaptado, ou no seu defecto validar o que xa tiñan antes da lesión, durante o seu ingreso na Unidade de Lesionados Medulares. Como na actualidade existen na nosa comunidade autónoma moi poucas autoescolas con vehículo adaptado para





XUNTA DE GALICIA

realizar as prácticas, os/as pacientes, mediante este programa, beneficiaríanse da obtención do permiso de conducir antes da súa alta hospitalaria.

Unicamente poderán obter o citado permiso de conducir os/as pacientes que reúnan unhas certas características de necesidade social, sendo seleccionados polo persoal da Unidade de Lesionados Medulares.

Os recursos humanos e materiais necesarios serán os propios da autoescola e os da Unidade de Lesionados Medulares.


2. **Actividades de ocio e deporte:** Con estas actividades búscase que os/as pacientes superen de forma gradual o medo cando se procede a alta e teñen que regresar ao seu ámbito familiar e social. Mediante este programa contarán coa axuda prestada desde a Unidade de Lesionados Medulares xunto coa doutros/as compañeiros/as que saen na mesma situación. Preténdese estimular aos pacientes para que participen, potencien a súa socialización e adquiran coñecementos para a súa integración social.

Contarase cunha actividade extra-hospitalaria á semana, alternando actividades lúdicas e ocupacionais ou ben deportivas.

Estas actividades estarán orientadas polo/a traballador/a social co apoio do/a monitor/a de Educación Física da Unidade de Lesionados Medulares e dun/ha monitor/a de tempo libre.

3. **Edición dun boletín de educación sociosanitaria:** O obxectivo é editar un boletín de educación sociosanitaria específico para as persoas con lesión medular, que o recibirán no seu fogar co fin de axudalos/as na súa integración e mantelos/as informados/as tanto das actividades socioculturais como sobre información puntual de temas relacionados coas lesións medulares.

A edición deste boletín contará coa colaboración e asesoramento do Gabinete de prensa do CHUAC e os recursos humanos e materiais necesarios do dito gabinete e da Unidade de Lesionados Medulares.





XUNTA DE GALICIA

Daráselle especial atención á muller con discapacidade embarazada e ás súas familias, en cumprimento da Lei 5/2010, do 23 de xuño, polo que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada.

Ditas actuacións levaranse a cabo directamente pola FUNDACIÓN, que terá que cumprir cos requisitos do art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve


SEGUNDA. Orzamento

Para a realización das actividades descritas neste convenio a Consellería de Política Social aportará **vinde e tres mil seiscientos cincuenta euros (23.650€)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **12.04.312E.481.1** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, e que dispón de crédito axeitado e suficiente para dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude do presente convenio.

TERCEIRA. Obrigas

A FUNDACIÓN deberá cumprir todas as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

1. Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Acreditar a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e do disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.






XUNTA DE GALICIA

3. Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedinte, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
4. Comunicarlle á entidade concedinte a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
5. Acreditar, mediante declaración responsable, que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia.
6. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
8. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
9. Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

Así mesmo, a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CUARTA. Xustificación e pagamento

1. Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE nº 276, do 18 de novembro de 2003) e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu





XUNTA DE GALICIA


Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño de 2007) e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento (DOG nº 20, do 29 de xaneiro de 2009).

2. Son gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia. A estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2017**. Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do provedor. Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000,00 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor.

3. O pagamento das achegas farase do seguinte xeito:

- a) Efectuarase un pagamento do 30 % da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 70% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades do convenio.

Deste xeito, a FUNDACIÓN remitirá á Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social, unha vez finalizado o obxecto do convenio, xunto coa xustificación do emprego da cantidade total do proxecto e en todo caso con data límite do **10 de decembro de 2017**, **certificación** expedida e asinada polo órgano competente da entidade dos gastos realizados que incluíra a relación das facturas e xustificantes dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIFS, o número e data da factura, o concepto, o importe e a data de pagamento xunto coa **achega dos**





XUNTA DE GALICIA

xustificantes-facturas dos gastos realizados e a **acreditación do pagamento efectivo** deles, segundo o previsto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; así mesmo achegarase a **certificación do órgano competente** relativa ao cumprimento dos fins obxecto deste convenio.

Así mesmo enviará un **informe-memoria** detallado de cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas ao abeiro deste convenio acompañada de **certificación expedida polo representante** da asociación relativa a que as achegas da Consellería de Política Social **foron destinadas aos fins** para os que foron concedidas.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas, a FUNDACIÓN queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

4. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite a primeira quincena de febreiro de 2018.

5. No momento da presentación da xustificación do convenio, a entidade presentará unha **declaración complementaria do conxunto das axudas** solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para estes mesmos fins, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos ou entes. Do mesmo xeito acreditará, mediante **declaración responsable**, que se atopa ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma de Galicia nin é debedor por resolución de procedencia de reintegro.





XUNTA DE GALICIA

6. Co importe das axudas previstas neste convenio en ningún caso se poderá superar o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario, sexa illadamente ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións das administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados.

QUINTA. Inexistencia de relación laboral


A FUNDACIÓN queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas. A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento del.

A FUNDACIÓN asume a responsabilidade respecto do persoal que asume as obrigas de levar a cabo as actividades establecidas no convenio, así como aquelas derivadas das relacións contractuais, reservándose as dúas partes contratantes deste convenio o dereito ao exercicio das accións pertinentes tanto resolutorias como indemnizatorias no suposto de paralización dalgunha actividade.

SEXTA. Obrigas de publicidade

De conformidade co disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e coa autorización expresa da entidade beneficiaria, a Consellería de Política Social remitirá os datos necesarios para a súa inclusión e publicidade nos rexistros públicos de axudas. Así mesmo comunicará na súa páxina web oficial os seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.





XUNTA DE GALICIA

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Por outra banda a FUNDACIÓN adquire tamén os compromisos e obrigas de dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto do presente convenio, en cumprimento do establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e incluír en todas as actividades obxecto do convenio, en lugar visible, a publicidade e información de: "financiado pola Consellería de Política Social".


SÉTIMA. Protección de datos

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución do mesmo, e a FUNDACIÓN obrígase ao cumprimento da normativa establecida na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico ao seguinte enderezo: sxt.politicasocial@xunta.gal

OITAVA. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2017; non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto





XUNTA DE GALICIA

cumprimento dos acordos acadados; en todo caso os pagamentos dos gastos subvencionables ao abeiro deste convenio deberán estar efectivamente realizados na data límite de presentación da xustificación, o 10 de decembro de 2017, establecida no apartado 4 da cláusula cuarta deste convenio.

NOVENA. Seguimento e control

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio creárase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados cada un dos órganos e entidades afectados polo mesmo. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e dous representantes de a FUNDACIÓN. A dita comisión será presidida por un dos representantes da administración.


Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.

DÉCIMA: Incumprimentos, reintegros e sancións.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais





XUNTA DE GALICIA

reflectidos no convenio, a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade poderá apreciar un incumprimento e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da axuda subvencionable do obxecto do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMO PRIMEIRA. Natureza

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, aplicándosele os principios do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse; o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo que modifica o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución, serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía





XUNTA DE GALICIA

administrativa, cabendo contra elas recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, se a resolución fose expresa, ou tres meses se se tratase dun acto presunto contado a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa normativa específica se produza o acto presunto, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes en triplicado exemplar no lugar e data expresado.

Pola Consellería de Política Social

José Manuel Rey Varela

Pola Fundación Profesor Novoa Santos

Luís Verde Remeseiro

